

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



SUSANA GALLARDO FARIÑA, SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión extraordinaria do día 02/11/2022 acordou:

4. INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE. EXPTE. 14992/407.

Antecedentes:

O 25/10/2022 a técnica de administración xeral, co conforme do xefe dos Servizos Centrais e do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“Redáctase o presente informe-proposta de conformidade co establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público, xunto co Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e subscribindo, pola súa sinatura, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (XMU) na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

I. ANTECEDENTES.

Ante a necesidade de redacción dun novo Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Vigo e a actualización da información cartográfica de referencia municipal e a súa migración a un modelo de datos SIX municipal, que servise de base ao sinalado traballo de planeamento, o Consello da Xerencia en sesión ordinaria de data 16.05.2018 acordou aprobar o expediente de contratación nº 10681/407 denominado “contratación do servizo de redacción do PXOM e a actualización cartográfica de Vigo, e proceder á apertura do procedemento de licitación

Unha vez realizados os trámites procedimentais legalmente establecidos, o Consello da Xerencia, en sesión ordinaria de data 11.10.2018, por unanimidade, acordou adjudicar o contrato do servizo de redacción da revisión do PXOM (Lote 2 do expediente 10681/407) á UTE integrada por Oficina de Planeamiento S.A. e SEPIA Técnicos SL, formalizando o contrato en documento administrativo asinado en data 07.11.2018.

Con data 25.10.2022 consta emitido no presente expediente, informe técnico asinado pola xefa da Área Técnica e conformad posteriormente polo xerente da XMU co seguinte contido:

“Con data 11.10.2018 o Consello da Xerencia adjudicou o contrato de servizo de redacción da revisión do PXOM, á UTE integrada por Oficina de Planeamiento S.A. e SEPIA Técnicos S.L. O contrato con esta entidade asinouse o 07.11.2018, sendo aprobado inicialmente o documento de revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (expediente 15313/411) con data 26 de agosto de 2021.

Na documentación da “Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo” aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de data 26/08/2021 delimitase Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico, que ven a substituír tras máis de trinta anos de vixencia ao actual planeamento o Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar en Vigo, PEEC, aprobado definitivamente en data 25/10/90 (BOP 17/01/91).

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



O informe de 18.01.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, incluído no expediente administrativo indicado, expresa a necesidade de establecer un réxime transitorio para o ámbito PEEC (Plan Especial de Edificios a Conservar) que garanta a protección dos edificios catalogados e que limite as intervencións sobre eles atendendo aos criterios actuais de protección e actuacións permitidas que son incompatibles co fachadismo que inspira o PEEC. Engadindo dito informe que “esta normativa debe garantir a protección preventiva dos edificios que non están catalogados en tanto non se redacta o novo Plan Especial de protección do Ensanche Histórico previsto que debe ampliar o Catálogo”.

O PEEC é anterior ao vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana PXOU93 aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 29/04/1993, a Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 214 do 08.11 .1995) que entrou en vigor o 09.11 .1995 e a vixente A vixente Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016).

Polo indicado, e tendo en conta que o crecemento e transformación urbana da cidade, a partir da cidade histórica, está marcada pola construción dos ensanches, o crecemento urbano na periferia dos barrios obreiros, e o desenvolvemento económico das actividades industriais na cidade: a pesca, a salga e conserva, os estaleiros e outras actividades industriais vinculadas ás anteriores, é preciso a redacción do futuro Plan Especial de Protección do Ensanche adaptado ao novo marco legal urbanístico, e particularmente ás determinacións legais relativas á protección do patrimonio cultural de Galicia e das propias que xorden do novo PXOM, actualmente en tramitación, sendo conveniente a redacción deste plan especial ao mesmo tempo que o novo PXOM, de modo que a entrada en vigor de ambos instrumentos sexa practicamente simultánea, e completando o planeamento especial de protección de todo o núcleo central, o que supón abordar con maiores garantías o necesario proceso de revitalización social, económica e funcional desta área emblemática da cidade.

A efectos de dotar de axilidade a realización dos ditos traballos, e tendo en conta que a asignación de traballo actualmente existente sobre o persoal propio desta XMU impide unha rápida adecuada aos obxectivos expresados, propónse a tramitación da contratación administrativa do referido servizo.”

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. (LALGA)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, (BOP núm 193 de 6 de outubro de 2010)

III. FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1.- Informe sobre a necesidade do contrato.

Este informe ven esixido polo art 28 da LCSP que sinala que as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



proxeitado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia delo na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encaminado a súa adxudicación.

Consta no expediente informe sobre a necesidade do contrato transcrito nos antecedentes do presente.

2.- Incoación do procedemento.

Ao abeiro do establecido polo apartado 1 do art 116 da LCSP, a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil do contratante.

3.- Órgano competente.

A competencia para a adopción do acordo de iniciación no presente procedemento correspóndelle ao Consello da Xerencia de conformidade co artigo 10. 2. h) dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (versión consolidada publicada no Boletín Oficial de Pontevedra núm. 193 de data 6 de outubro de 2010).

Por todo o exposto, propónse ao Consello da Xerencia, como órgano de contratación, en virtude das competencias que lle atribúe a vixente lexislación de réxime local, a adopción da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 2 votos: 1 do Grupo Mixto: Sra. Méndez Fuentes e 1 do concelleiro non adscrito Sr. Pérez Iglesias.

A FAVOR: 8 votos: 1 do PP: Sra. Bartolomé Tocino e 7 do PSOE: Sres. Rodríguez Díaz, Espinosa Mangana, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.

Acordo:

O Consello, considerando a ponderación do cómputo de votos sinalado na sesión constitutiva de data 11 de xullo de 2019, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Incoar o procedemento de contratación do SERVIZO PARA A REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo aos Servizos Centrais, Área Técnica e Oficina de Desenvolvemento Urbanístico e Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo co fin da tramitación do dito procedemento.

Terceiro.- Proceder á publicación do presente acordo no perfil do contratante (Plataforma de Contratación do Sector Público Estatal) aos efectos do establecido polo art 116 LCSP.

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU,
María José Caride Estévez